

**PROTOCOLO DE FUNCIONAMENTO
DO
SERVIZO DE COMEDOR
ESCOLAR**

CEE PANXÓN



INTRODUCCIÓN

O comedor do noso centro é dos denominados de xestión directa. Isto supón que a xestión do comedor realizase por medio do persoal funcionario, docente e non docente. O protocolo que se presenta a continuación está basado na normativa referente ó funcionamento deste tipo de comedores, recollida na Orde do 21 de febreiro de 2007 (DOG de 5 de marzo de 2007), o Decreto 132/2013 do 1 de agosto (DOG de 13 de agosto de 2013) e as instrucións achegadas dende a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en cada curso escolar.

O ámbito de aplicación deste regulamento comprende ós usuarios de tres centros educativos: EEI As Dunas (alumnado de infantil), CEE de Panxón (alumnado de primaria e secundaria) e CPI Arquitecto Palacios (alumnado de primaria e secundaria).

1.- TIPO DE COMEDOR E PERSOAL DE ATENCIÓN

O comedor ten un máximo de 230 usuarios, polo que se encadra dentro dos comedores do tipo C, de 151 a 250 comensais (Orde de 21 de febreiro de 2007 artigo 5º punto 1. e Decreto 132/2013 capítulo III artigo 6). A este tipo de comedores correspóndelles como persoal de cociña, unha oficial 2ª de cociña e dúas axudantes de cociña, que son persoal da Consellería de Educación (Orden de 21 de febreiro de 2007 artigo 5º punto 2.). Neste caso como o CEE de Panxón é un centro con residencia temos un turno de cea con un oficial 2ª de cociña e unha axudante de cociña a maiores, só para o alumnado residente do CEE de Panxón.

Con respecto á atención ao alumnado, segundo se recolle na Orden do 21 de febreiro de 2007 artigo 8º, correspónelle 11 persoas coidadoras, distribuídas do seguinte xeito:

- EEI As Dunas → 2 colaboradores
- CPI Arquitecto Palacios → 7 colaboradores
- CEE de Panxón → 2 colaboradores

2.- PERSOAS IMPLICADAS NO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR

O persoal que presta servizo está integrado por un delegado de comedor, un encargado de comedor, o persoal de cociña e 11 colaboradores, nas condicións que fixa a lexislación vixente.

As función destas persoas son as que marca a Orde e o Decreto citados con anterioridade, e a normativa que os desenvolve.

3.- ORGANIZACIÓN DO SERVIZO

O horario do comedor escolar é de 13:40h ás 15:20h distribuíndose en distintas quendas. As 13:40h chegan o alumnado da EEI As Dunas que son de educación Infantil, ás 13:55h chegan o alumnado do CPI Arquitecto Palacios de educación primaria, ás 14:00h entran o comedor o alumnado do CEE de Panxón e ás 14:45h entran o comedor o alumnado do CPI Arquitecto Palacios de educación secundaria..

EEI As Dunas - Educación Infantil

Entrarán ás 13:40h acompañados dos 2 colaboradores que lles corresponden, deixan as súas pertenzas no lugar habilitado para tal fin e de forma ordenada diríxense os sitios asignados a cada alumno/a.

O persoal do servizo de comedor será o encargado de subministrar ás mesas deste alumnado os distintos pratos que componen o menú diario en bandexas; e o persoal colaborador racionará e facilitará a distribución do menú a cada alumno/a.



CPI Arquitecto Palacios - Educación Primaria e Educación Secundaria

O alumnado de educación primaria entrarán o comedor ás 13:55h ata 14:30h e o alumnado de educación secundaria entrarán ás 14:45h ata 15:20h, acompañados dos seus colaboradores correspondentes.

O alumnado colaborará, seguindo as instrucións dos colaboradores no proceso de servizo do menú e de recollida das mesas.

4.- NORMAS CONVIVENCIA

O comedor escolar concíbese coma un espazo e tempo educativo, e polo tanto debemos de crear un ambiente de colaboración, respecto, responsabilidade, na alimentación, saúde e convivencia.

Tal e como se recolle no punto 1, artigo 12, da LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa:

"serán obxecto de corrección disciplinaria as condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas polo alumnado dentro do recinto escolar ou durante o desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares, así como durante a prestación dos servizos de comedor e transporte escolar".

Así mesmo, nas Normas de convivencia do centro queda recollido que, como norma xeral, o comedor escolar rexerase polas normas de convivencia establecidas para o resto dos espazos escolares.

En caso necesario, a dirección de cada centro usuario do comedor escolar aplicará a corrección disciplinaria oportuna.

5.- NORMAS XERAIS

- 1. Os alumnos alérxicos a alimentos ou que padezan calquera enfermidade que precise dunha alimentación especial deberá presentar un informe médico á dirección do seu centro educativo que o comunicará ó/á encargado/a do comedor escolar.**
- 2. O alumnado será responsable do deterioro por o mal uso do material e utensilios do comedor.**
- 3. Ó comezo do mes porase na web do centro correspondente a información sobre o menú dese mes.**
- 4. Para calquera dúbida relacionada co comedor as familias deberán dirixirse á dirección do centro correspondente.**
- 5. Baixo ningún concepto se poderá sacar comida do comedor tal e como recollen as instrucións da nosa consellería.**
- 6. En caso de ACCIDENTE as pautas a seguir son:**
 - a. Accidente leve: actuarase segundo a situación e avisarase as familias.**
 - b. Accidente grave: chamarase ao 112 e avisarase á familiar inmediatamente.**

6.- NORMAS ESPECÍFICAS DE USO DO COMEDOR

- ***Alumnado***

- 1. Todos os alumnos deben respectar as normas de funcionamento e de convivencia do comedor.**

- 2. Os alumnos accederán ás instalacións cando a encargada ou colaboradores/as o indiquen.**
- 3. O alumnado sentarase no lugar que lles sexa asignado. Estes lugares poderán cambiarse a criterio dos/as colaboradores/as ou encargado/a. Cada colaborador/a terá asignadas unhas mesas determinadas que serán as que teña que atender e o alumnado estará informado de quen é a persoa responsable.**
- 4. Como se indica nas normas de convivencia para axudar a crear o clima de respecto, responsabilidade e benestar, a partir de 3º de primaria 1 alumno/a o varios/as, a criterio dos/as colaboradores/as, serán encargados/as de axudar no servizo da comida e na recollida das mesas, procurando deixar a mesa limpa.**
- 5. O alumnado dirixirase a todo o persoal de comedor, e viceversa, co debido respecto e sen levantar a voz. O alumnado está obrigado a respectar ós/ás colaboradores/as nos mesmos termos que ó profesorado do centro, seguindo as súas indicacións.**
- 6. Co fin de lograr un ambiente tranquilo e relaxado o alumnado e persoal, dirixiranse ós demais nun tono de voz adecuado, evitando falar cos compañeiros doutras mesas.**
- 7. Durante a comida o alumnado emplegará os utensilios e comerá dun xeito adecuado, sen xogar entre eles nin facelo coa comida.**
- 8. O alumnado deberá adaptarse ó menú establecido (salvo no caso do apartado 1 das normas xerais).**
- 9. O alumnado non sairán do comedor ata que os/as colaboradores/as ou o/a encargado/a llo indiquen.**

- *Familias*
 1. Asumir o presente protocolo en todos os seus apartados, que está dispoñible no centro e na páxina Web de cada centro.
 2. Orientar os/as fillos/as sobre como deben comportarse durante a comida e os períodos anterior e posterior á mesma.
 3. Cooperar para o adecuado cumprimento das normas establecidas.
 4. A recollida do alumnado antes do inicio do comedor, será por causa xustificada e seguindo o procedemento xeral establecido por cada centro: notificación previa por escrito cunha antelación mínima dun día para non aboar o comedor o día ou días que non vaia facer uso del e firmar o documento de recollida existente ó respecto.
 5. Comunicar ó centro, mediante informe médico, as posibles alerxias ou enfermidades que requiran un réxeme.
 6. Aceptar e levar a cabo as correccións que se lle apliquen ós seus fillos/as ante as condutas contrarias ás normas de convivencia.
 7. Presentar, por escrito, calquera suxestión ou observación sobre o comedor na dirección do centro correspondente, xa que so así se poderá transmitir exactamente e darlle cumplida resposta.

É imprescindible contar coa implicación das familias do alumnado usuario do comedor para que adquieran valores educativos.

7.- ATENCIÓN AO ALUMNADO

A atención ao alumnado ten que ser igualitaria, non pode haber desigualdade no trato de cara aos nenos/as.

No caso de alumnado con necesidades específicas, esa atención debe ser axeitada as súas características. A principio de curso se informará ao persoal das situación particulares a ter en conta.

Os conflitos ou problemas dentro do comedor non debe ser comentados con persoas alleas ao servizo e os centros. A información sobre o alumnado é confidencial.

Cando as persoas colaboradoras sexan nais ou pais de alumnado que fai uso do servizo de comedor, non se debe interferir nin mediar nos incidentes nos que estean implicados os propios fillos/as. Daráselle aviso a outra persoa do servizo para evitar conflitos.

As queixas por parte das familias trasladaranse á persoa encargada do comedor ou a dirección do centro.

É necesario baixar o ambiente de estrés no espazo do comedor. O ton de voz ao dirixirse ao alumnado ten que ser moderado e de respeito, tentando contaxiar calma e serenidade. Subir o volume da voz será algo excepcional, pero non a norma.

8.- MENÚS

A elaboración do menú realizarase de xeito que proporcione ao alumnado unha dieta equilibrada e variada, contribuíndo a desenvolver hábitos alimenticios saudables. Teranse en conta as directrices da Conselleira no referente á elaboración do mesmo.

O menú será o mesmo para todo o alumnado, agás aqueles que teñan algunha intolerancia ou alerxia alimentaria documentada medicamente.

O menú mensual será publicado na Web do centro, para que se poida ter en conta a fin de complementar nos domicilios os alimentos que toman no comedor.

A información do comedor escolar poderá ser completada coa creación de redes sociais para tal fin.

9.- PAGAMENTO DO SERVIZO DE COMEDOR

Aquelhas familias que, segundo a lexislación vixente, teñan que abonar algunha cantidade pola utilización do comedor recibirán, a principios de mes, en papel ou vía email, os impresos cos días de servizo e a cantidade a pagar. Poderán facelo vía telemática ou unas oficinas bancarias correspondentes, enviando ó centro os xustificantes **de pago antes do 20 de cada mes**.

Segundo instrucións da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, as familias deben comunicar ao centro, con anterioridade suficiente a ausencia ao comedor. Se non se comunica a ausencia non se descontará ese día no recibo de pago. Esta comunicación, poderá ser feita vía telefónica, email ou nota escrita para entregar á dirección do centro.

O incumprimento no pagamento dos prezos públicos de cada mes impedirán a utilización ó mes seguinte do comedor escolar, mentres non se proceda á oportuna regularización dos pagamentos, para o cal contarse cun prazo máximo de 2 meses.

10.- USO DO COMEDOR ESCOLAR POR ALUMNADO PROCEDENTES DOUTROS CENTROS (punto 8 da instrución 1/2014)

Segundo a instrución 1/2014 do 5 de xuño, no apartado 8 que fai referencia ó uso do comedor escolar polo alumnado procedente doutros centros indícase que:

"A Secretaría Xeral Técnica da Consellería..., poderá autorizar que o alumnado dun centro escolar acceda a un comedor que funcione noutro centro distinto.

A autorización condicionarase a que o centro que non conta con comedor achegue o número de colaboradores que corresponda en función do número de alumnos/as comensais incorporados ó comedor, de acordo coa ratio establecida no artigo 8.5.f da orde do 21 de febreiro de 2007.

Estes colaboradores deberán ter, preferentemente, a condición de persoal do citado centro e, en todo caso polo menos un deles, que será quen exerza facultades de garda, control e disciplina deberá ser membro do equipo docente do centro que careza de comedor".

11.- PRÁCTICAS DE COCIÑA DO CEE DE PANXÓN

Baixo a dirección do profesor de cociña o seu alumnado poderá facer prácticas nesta, colaborando na confección do menú. Nestas prácticas tamén se poderá incluir a montaxe do comedor e tarefas relacionadas coa materia.

ESTE PROTOCOLO DE FUNCIONAMENTO DO COMEDOR ESCOLAR FOI APROBADO NO CONSELLO ESCOLAR CELEBRADO NO CEE DE PANXÓN O LUNS 9 DE OUTUBRO DE 2023.